

O BO DE IMPLICAR ÓS NÓSOS FILLOS NAS TAREFAS DO FOGAR

Beneficios de educar ós nosos fillos para que axuden nas tarefas do fogar:

- **Terán moita máis seguridade en eles mesmos** Cando lles asignas determinadas tarefas do fogar dacordo á súa idade estás a demostrarlles que confías neles, iso fai que sintan que os valoras conseguindo que teñan unha grande autoestima e seguridade en si mesmos
- **Créanse hábitos** Ó crearlles un hábito aprenden a organizar ás súas tarefas e o seu tempo, isto contribúe a obter mellores resultados académicos. Ademáis, está demostrado que o hábito favorece o pensamento lóxico
- **Favorece e axuda a desenvolver mellor as habilidades motoras** As actividades domésticas axudaránlles a ter unha mellor coordinación motora e tamén axuda á estimulación do seu equilibrio
- **Potencia o sentido da organización** O hábito ensínalles a organizarse mellor e isto os vai levar a obter un mellor rendemento
- **Estimula a capacidade de colaboración** Cando asignamos tarefas ós nosos fillos creamos neles un sentimento de integración dentro dun grupo, algo que lles axudará a traballar con outros e a ser capaces de seguir unhas instrucións

